

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de xuño de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Lucia Molares Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día catorce de xuño de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro., constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guamer González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(739).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 24 de maio de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(740).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES.
15/53102/04, 15/53256/04, 15/53060/04, 15/26951/04, 11/30724/04, 14/27670/04, 14/27995/04, 14/30470/301, 14/12574/04, 41/27829/04.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado do

Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Elena Sampedro Pazo. Expte. 41/27829.
- D^a. Isaurina Belmira Alves Silva. Expte. 14/27670.
- D. Julio González Gómez. Expte. 14/27995.
- D^a. Carmen Martínez López. Expte. 14/30470.
- D^a. Carmen Acuña Pereira. Expte. 14/12574.
- D^a. Carmen Sánchez Escudero. Expte. 15/26951.
- D. Hermindo Lago Otero. Expte. 11/30724.
- D^a. María Lorenzo Lorenzo. Expte. 15/53102.
- D. Alfonso Durán Juncal. Expte. 15/53256.
- D^a. Felisa Vázquez Lavandeira. Expte. 15/53060.

3(741).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 12/30575/04

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informe da traballadora social e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado polo concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a D^a M^a Josefa Comesaña Otero. Expte. 12/030575.

4(742).- AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA ACONDICIONAMENTO DE VIVENDA- AÑO 2004. EXPTE.10897/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Coordinación de Servicios Sociais, do 19.05.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aproba-las axudas de Emerxencia Social destinadas a familias con problemática socioeconómica para acondicionamento de vivendas por un importe total de 7.881,60 Euros, con cargo á partida 3130.4800000, que de seguido se indican:

<u>EXPTE.</u>	<u>SOLICITANTE</u>	<u>DNI</u>	<u>IMPORTE</u>
16/30.497	Adolfo González Martínez	35.946.267-G	881,60 €

2º.- Ratifica-lo Decreto do Concelleiro-Delegado de Benestar Social, de data 18 de maio de 2004, polo que se manifesta o interese do Concello en participar na convocatoria, aceptación das bases e a cantidade a aportar polo Concello, nas axudas da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para “Emerxencia social con destino a familias con problemática socioeconómica para a condicionamento de vivendas” Ano 2004.

3º.- En base o anterior solicitarase á Excma. Deputación Provincial o 50% do gasto total das axudas sinaladas no punto 1º e tramitaranse os expedientes oportunos.

5(743).- ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIGO Ó CONVENIO ENTRE IMSERSO, FEMP, XUNTA DE GALICIA E EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 10889/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 1.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 20.05.04, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Solicita-la adhesión do Concello de Vigo ó Convenio asinado con data 1.07.98 entre a Deputación Provincial de Pontevedra, a Federación Española de Municipios e Provincias e o Instituto de Migracións e Servicios Sociais e ó contido do asinado o 9/03/99 entre a Deputación e a Xunta de Galicia para a financiamento do programa provincial de implantación e desenvolvemento do servizo de TELEASISTENCIA DOMICILIARIA, aceptando as Bases do mesmo.

2º.- De conformidade coas porcentaxes de participación comprometidos nos Convenios citados en relación cos custes do servizo, a achega municipal cifrase, para o presente ano 2004, en 2,22 € usuario/mes, sen achega destes.

3º.- Para a execución do programa o persoal responsable designado pola Deputación, contará co apoio dos servizos sociais municipais, conferíndose a representación dos mesmos a Diplomada en Traballo Social Dª Isabel López Cuesta, que asistirá ás comisións técnicas.

4º.- Correspóndelle ó Concello de Vigo a inclusión de usuarios de teleasistencia que presentará ante a Deputación Provincial de acordo coas Bases do Programa.

5º.- Os pagos efectuaranse conforme ó establecido nas Bases, anualmente, no primeiro trimestre do ano seguinte ó da prestación do servizo.

6º.- Para garantir a posible prestación do servizo neste exercicio 2004 a través do convenio coa Deputación Provincial, nun número aproximado de 700 usuarios, acordase minorar en 10.000 € a disposición de crédito existente para a prestación do mesmo servizo de teleasistencia, a favor de Cruz Roja Española, na partida 3130.227.06.11, e por un importe total de 30.761,68 € -AD 200400003012-.

7º.- Aprobar a disposición de crédito a favor da Excm. Deputación Provincial, por importe de 10.000 €, con cargo á partida 3130.227.06.11, para responder da execución do programa de prestación do servizo de teleasistencia a o fin do vixente exercicio de 2004”.

6(744).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA DURANTE O MES DE MAIO DE 2004. EXPTE. 8320/331.

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio López-Chaves Castro, dá conta á Xunta Local de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de maio de 2004, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA FUNCIONAL: 4510

CONCEPTO.- Adquisición de placa homenaxe a “Irmáns Misioneiros dos Enfermos Pobres”.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8281/331	04/05/04	2210901	23151	870 euros	Raúl Álvarez Fernández (N.I.F.: 36085949F)

CONCEPTO.- Montaxe, desmontaxe e transporte e publicidade da exposición de Jorge Castillo en Casa das Artes.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8284/331	05/05/04	2260801	23036	2.737,60 euros	Producción e Xestión Cultural (C.I.F.: B-36.743.755)
		2260200	23037	5.220,00 euros	Taktika Comunicación (C.I.F.: B-36.852.846)

CONCEPTO.- Producción e organización dos tres concertos do Ciclo de Música Sacra 2004.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8293/331	07/05/04	2260803	23740	11.945,68 euros	Ubiagrandal S.L. (C.I.F.: 36.085.949-F)

CONCEPTO.- Contratación con Alejandro Arnaiz Méndez da actuación de Diapente Ensemble.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8292/331	07/05/04	2260803	24162	11.532,72 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (N.I.F.: 36074726P)

CONCEPTO.- Contratación con Alejandro Arnaiz Méndez da actuación de Ensamble Barroco do Chiado Lisboa.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8291/331	07/05/04	2260803	24163	11.532,72 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (N.I.F.: 36074726P)

CONCEPTO.- Contratación con Alejandro Arnaiz Méndez da actuación de Música Reservata de Barcelona.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8289/331	07/05/04	2260803	24158	11.671,51 euros	Alejandro Arnaiz Méndez (N.I.F.: 36074726P)

CONCEPTO.- Montaxe, desmontaxe, transporte e embalaxe da exposición “Clónicas” da Marcha Mundial das Mulleres.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8288/331	07/05/04	2260801	23492	8.345,04 euros	Coordinadora da Marcha Mundial das Mulleres (C.I.F.: G15773013)

CONCEPTO.- Adquisición de 6.000 exemplares do libro “Os Oficios” de Xaquín Lorenzo “Xocas”.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8302/331	10/05/04	2200100	24171	6.305,00 euros	Rías Baixas Comunicación S.A. (C.I.F.: A36643674)

CONCEPTO.- Producción e organización dos nove concertos de Xeneración 2000+4.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8301/331	10/05/04	2260803	24593	8.456,80 euros	Ubiagrandal S.L. (C.I.F.: 36.085.949-F)

CONCEPTO.- Contratación das actuacións de Xeneración 2000+4.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8300/331	10/05/04	2260803	24679	11.290 euros	Ubiagrandal S.L. (C.I.F.: 36.085.949-F)

CONCEPTO.- Vixilancia na Biblioteca Central con motivo de ampliación de horarios en época dos exames de xuño.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8305/331	13/05/04	2270100	25271	1.588,24 euros	Serramar Vigilancia y Seguridad S.L. (C.I.F.: B11066586)

CONCEPTO.- Mantemento das instalacións de calefacción da Casa das Palabras.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8307/331	14/05/04	2130001	25339	4.745,00 euros	Celtgas S.L. (C.I.F.: B36168086)

CONCEPTO.- Publicidade da exposición de Pablo Fontenla na Casa Galega da Cultura.					
<i>Nº exped.</i>	<i>Data res.</i>	<i>Partida</i>	<i>Rc</i>	<i>Importe</i>	<i>Perceptor</i>
8309/331	18/05/04	2260200	24964	1.411,48 euros	<i>Palacios Publicidad (C.I.F.: 36663052V)</i>

A Xunta de Goberno queda enterada.

7(745).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE DEPORTIVA DE ATLETISMO DE SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O XXVII TROFEO DE CAMPO A TRAVÉS SAN MIGUEL DE OIA O 20.06.04. EXPTE. 4513/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 31.05.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar a Sociedade Deportiva de Atletismo San Miguel a organizar o vindeiro día 20 de xuño de 2004, o XXVII Trofeo de Campo a Través San Miguel de Oia que se desenvolvera no Parque Forestal de San Miguel de Oia, para o que contan con autorización da Xunta Rectora da Comunidade de Montes en Man Común de San Miguel de Oia, entre ás 10:00 h. e ás 13:30 h.

8(746).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA TEIS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A XIII EDICIÓN DO GRAN PREMIO CICLISTA TEIS, X MEMORIAL PABLO MOREIRAS O DÍA 4.07.04. EXPTE. 4514/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.06.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o club ciclista Teis a celebrar o vindeiro día 4 de xullo de 2004 a XIII edición do Gran Premio Ciclista Teis X Memorial Pablo Moreiras que se desenvolvería nun circuíto urbano formado polas rúas Avda. San Xurxo Badia, Enrique Lorenzo, Avda. de Guixar e Julian Estévez. A saída está prevista ás 10:00 h. na rúa San Xurxo Badía, a altura do Mercado de Teis, e a meta no mesmo punto para rematar ás 13:30 h.

9(747).- DENUNCIA DE CONVENIO SUBSCRITO NO ANO 1993 CON “GESTORA DE CONCIERTOS PARA A CONTRIBUCIÓN ÓS SERVIZOS DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS” (ANTES UNESPA) E RECLAMACIÓN DE PRIMAS. EXPTE. 152/500/04.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora de Ingresos, do 4.06.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

O Concello de Vigo ven exaccionando as “Contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios” conforme o regulado na Sección 4ª do Capítulo III do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o TRLRFFLL, Ordenanza Xeral Reguladora das Contribucións especiais do Concello (BOP de 21.03.91) así como Acordo Plenario de Imposición de Contribucións especiais pola ampliación do Servizo Municipal de Prevención e Extinción de Incendios (BOP de 31.03.92) e Convenio suscrito en xaneiro de 1993 entre o Concello de Vigo, e o suxeito pasivo destas contribucións especiais: Gestora de Conciertos para la contribución a los Servicios de extinción de incendios, AIE (antes UNESPA) no que se explicita o importe da contribución anual e prazos de pagamento.

En cumprimento das normas legais e regulamentarias enriba indicadas, o Concello de Vigo ven liquidando e ingresando anualmente os importes das contribucións especiais para a mellora do Servizo de Extinción de Incendios dos que é suxeito pasivo a Gestora de Conciertos (AIE) en virtude de Acordo Plenario de Imposición de 28 de novembro de 2001. Os importes devengados e ingresados supoñen unha actualización igual a variación do IPC sobre a primitiva cantidade sinalada no exercicio 2003: 5% do importe das primas relativas ó risco de incendios recadadas pola Gestora de Conciertos no Municipio de Vigo no ano 2002. (Os antecedentes constan no expte. 30547/510 que se achega).

A previsión de importantes inversións nun parque central de bombeiros así como a súa dotación en vehículos e outros medios posta de manifesto en escrito de data 22 de abril de 2004 do Xefe da Area de Mobilidade e Seguridade e conformidade do Sr. Concelleiro Delegado da Área, xunto coa evidencia de que o importe das primas recadadas en relación cos riscos de incendio experimentaron nos últimos anos un crecemento importante, aconsella a modificación do importe da cota a liquidar por este concepto e, en consecuencia, fai necesario a denuncia do convenio asinado no exercicio 2003 coa finalidade de asinar un novo convenio sobre a base das contías das primas contratadas na actualidade.

Esta Dirección de Ingresos formula á Xunta de Goberno a seguinte PROPOSTA:

1º) Denunciar o Convenio suscrito en xaneiro de 1993 entre o Concello de Vigo e a Unión Española de Entidades Aseguradoras y Reaseguradoras, UNESPA agora Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios, AIE.

2º) Solicitar á “Gestora de Conciertos para la Contribución a los Servicios de Extinción de Incendios, AIE” o importe total das primas recadadas no término municipal de Vigo no pasado exercicio 2003 a fin de subscribir un novo convenio para o ano 2005 e seguintes.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

10(748).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL STA. CRISTINA DE LAVADORES E ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL ATALAIA DE TEIS. EXPTE. 3730/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 27.05.04, conformado polo xefe de negociado de Contratación, o concelleiro delegado da área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a segunda prórroga dos contratos de xestión dos servizos seguintes, para o que prestan a súa conformidade as empresas adxudicatarias:

- Escola Infantil Municipal “Sta.Cristina” de Lavadores, xestionada por DUMBO, SL, B36634913, por acordo da Comisión de Goberno na sesión do 28 de maio de 1999, polo prazo de un ano, comprendido entre o 1 de xullo de 2004 e o 30 de xuño de 2005.
- Escola Infantil Municipal “Atalaia” de Teis, xestionada por EULEN SA, CIF A28517308, por acordo da Comisión de Goberno na sesión do 28 de maio de 1999, polo prazo de un ano, comprendido entre o 1 de xullo de 2004 e o 30 de xuño de 2005.

2º.- Autorizar o gasto de:

- 78.222'30 €, con cargo á partida 422.0.227.06.04 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Sta. Cristina” de Lavadores, por seis mensualidades de 13.376'01 € cada unha e outros seis meses por un importe total de 80.256'06 €, máis o IPC que se acumule de decembro 2003/2004, con cargo ó vindeiro presuposto de 2005.
- 80.112'84 €, con cargo á partida 422.0.227.06.08 do presuposto en vigor, para a xestión da EIM “Atalaia” de Teis, por un máximo de seis mensualidades de 13.699'31 € cada unha e outros seis meses por un importe total de 82.195'86 €, máis o IPC que se acumule de decembro 2003/2004, con cargo ó vindeiro presuposto de 2005.

3º.- A prórroga suxetarase en todo ós pregos de condicións que rexen os contratos, que foron aprobados polo Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión de data 5 de outubro de 1998.

11(749).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA NA HONRA DA VIRXE DAS NEVES, OS DÍAS DO 6 Ó 10 DE AGOSTO EN MATAMÁ. EXPTE. 69666/210.

Retírase este expediente porque os interesados solicitaron un cambio nas datas de celebración da festa.

12(750).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA CONSOLACIÓN OS DÍAS DO 2 Ó 6 DE XULLO EN COIA. EXPTE. 69683/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 2.06.04, a Xunta de Goberno, acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da Festa da Consolación, os vindeiros días 2, 3, 4, 5 e 6 de xullo de 2004, en Coia, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimitar o recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadir as vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Deberán presentar unha Póliza de Responsabilidade Civil Complementaria da presentada na que se inclúan os posibles riscos derivados das instalacións desmontables portátiles que foran construídos con carácter provisional ou estruturas metálicas, para a totalidade das festas por estar expresamente excluídos da póliza de seguros presentada.

Ten a obriga de incluír na dita Póliza unha cobertura de responsabilidade Civil até 3.000 € polos posibles danos producidos ao Patrimonio Municipal no lugar onde se realicen os festexos por estar así mesmo excluídas da Póliza Municipal:

De non presentarse esta póliza, entenderase non autorizada a Festa da Consolación en Coia.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado.....2:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos.....non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

13(751).- ENCOMENDA DE FUNCIONS PROVISIONAIS DA XEFATURA DE NEGOCIADO DE LICENZAS DE OBRAS DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO A D^a TERESA ANDRÉ LORENZO. EXPTE. 499/407.

Retírase o expediente da orde do día para realizar un mellor estudio do mesmo.

14(752).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDIO DE DETALLA DA U.A. V-E DO PERI IV-05 TRAVESÍA DE VIGO-ARAGÓN. EXPTE. 8913/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, da oficina de Planeamento e Xestión, do 31.05.04, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O expediente de Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993 (DOG do 10 de maio de 1993), delimita entre as rúas Travesía de Vigo e Aragón un ámbito a ordenación detallada do cal remítese á figura dun Plan Especial de reforma interior, denominado PERI IV-05 Travesía de Vigo-Aragón. Este plan especial foi aprobado definitivamente con data do 23 de decembro de 1993.

2.- Con data do 1 de marzo de 2004 Basisa C.B., comunidade de bens propietaria das parcelas que integran a U.A. V-E do dito plan especial, presentou a aprobación desta Administración municipal un estudio de detalle para a reordenación de volumes e fixación de rasantes na devandita unidade de actuación. A documentación que se somete a aprobación inicial, completada coa requerida polos servizos técnicos municipais, conta con datas de visado do COAG do 25 de febreiro e 16 de abril de 2004.

3.- O arquitecto técnico municipal, con data do 19 de abril de 2004 emitiu, en relación a este expediente, o informe que segue:

“A proposta presentada consiste en reordenar a edificabilidade derivada das determinacións da ficha, planos e ordenanza do PERI, nun sólido para vivendas colectivas de acordo ás determinacións da ordenanza de aplicación, 1.2.A do PERI IV-05.

A superficie destinada a ubicar o sólido é de 456,00 m², destinándose a cesión ó Concello para ampliación do camiño de Pinelas unha superficie de 110,80 m², para uso de superficie 182,40 m², e para viario de acceso e zonas verdes e peatonais unha cesión de 601,20 m².

A capacidade do sólido é de 1.835,93 m²c, correspondente á edificabilidade derivada da ficha (1.186,00 x 1,548 = 1.835,93 m²c). A ocupación da proposta reduce a ocupación dos sólidos de 780,00 m² a 456,00 m².

A proposta presentada no estudio de detalle obxecto de informe, a xuicio do técnico que subscribe, resolve a ordenación da unidade de actuación. A proposta presentada non produce incremento da edificabilidade derivada do PXOU, nin incremento da ocupación, nin merma superficie destinada a espazos libres. No estudio de detalle xustifícase a adaptación do mesmo á Lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras

arquitectónicas e ó Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei.”

4.- Finalmente, con data do 27 de abril de 2004, o aparelador municipal ampliou o seu informe nos termos que seguen:

“Con respecto ás cesións, e dado que o vial plantexado é de uso exclusivo de acceso para os vehículos particulares, o cadro de cesións no estudio de detalle é o seguinte:

- cesión total para o ensanche do camiño de Pinelas:	110,80 m ²
- cesión total de zonas verdes e libres:	379,46 m ²
- cesión de uso superficie e viario peonal e motorizado:	404,14 m ² ”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O estudio de detalle presentado refírese a unha unidade urbana completa, cínquese ás finalidades sinaladas no artigo 73.1 da LOUGA, axústase ás previsións do plan especial que desenvolve e contén a documentación requerida polo artigo 66 do Regulamento de planeamento.

II.- As superficies correspondentes ó acceso ó garaxe do edificio -404,14 m²- , en canto que viario interior, non serán obxecto de cesión en pleno dominio ó Concello senon de gravame cun dereito de uso público de superficie para acceso peonal ás zonas libres e peonais do polígono.

III.- De acordo co apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 e o acordo da Comisión de Goberno do 7 de febreiro de 1991, sobre condicións nas cesións de dereito de superficie, a conservación das zonas verdes e libres de cesión e a das superficies sobre as que se constituirá o dereito de uso público de superficie, tanto sobre como baixo rasante, será da conta dos propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación que se constrúa, sen prexuízo da potestade municipal de vixianza e comprobación das condicións de seguridade, salubridade e ornato público das ditas superficies e das ordes que o Concello poda dictar para a execución, a cargo dos ditos propietarios, das obras precisas para que as citadas superficies reunan aquelas condicións. As ditas obrigas deberán recollerse nos acordos de concesión de licencia de obra para a execución da edificación do polígono, reflectirse na escritura pública de división horizontal da construción e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

IV.- De conformidade co artigo 86.2 da LOUGA, os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de vinte días mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior circulación na provincia. Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal ha aprobalos definitivamente coas modificacións que resulten pertinentes.

V.- Finalmente, de acordo cos artigos 123 e 127.1.d) da LRBRL é compente para a aprobación inicial dos estudos de detalle a Xunta de Goberno Local e para a definitiva o Concello-Pleno por maioría simple de votos.

Por todo o exposto, e á vista das precedentes consideracións e artigos citados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o estudio de detalle para a reordenación dos sólidos capaces e fixación de rasantes na unidade de actuación V-E do PERI IV-05 Travesía de Vigo, presentado por BASISA, C.B., propietaria da superficie do polígono, redactado polos arquitectos D. Eduardo Guillen Vazquez, D. Lorenzo Mateos Cortes e D. Jose Agustin Llopiz Pereiro, con datas de visado do COAG do 25 de febreiro e 16 de abril de 2004, coas rectificacións que se derivan das consideracións II e III do apartado de consideracións xurídicas que precede, esto é:

- As superficies correspondentes ó acceso ó garaxe do edificio -404,14 m²- , en canto que viario interior, non serán obxecto de cesión en pleno dominio ó Concello senon de gravame cun dereito de uso público de superficie para acceso peonal ás zonas libres e peonais do polígono.

- De acordo co apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993 e o acordo da Comisión de Goberno do 7 de febreiro de 1991, sobre condicións nas cesións de dereito de superficie, a conservación das zonas verdes e libres de cesión e a das superficies sobre as que se constituirá o dereito de uso público de superficie, tanto sobre como baixo rasante, será da conta dos propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación que se constrúa, sen prexuízo da potestade municipal de vixianza e comprobación das condicións de seguridade, salubridade e ornato público das ditas superficies e das ordes que o Concello poda dictar para a execución, a cargo dos ditos propietarios, das obras precisas para que as citadas superficies reunan aquelas condicións. As ditas obrigas deberán recollese nos acordos de concesión de licencia de obra para a execución da edificación do polígono, reflectirse na escritura pública de división horizontal da construción e inscribirse no Rexistro da Propiedade.

Segundo.- Sométase o expediente ó trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles mediante anuncio no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia e notifíquese individualmente á propietaria das parcelas ás que se refire o estudio de detalle.

Terceiro.- Previamente á exposición ó público do expediente deberá presentarse pola propiedade a documentación que recolla as rectificacións ordenadas.

15(753).- SOLICITUDE DE CAMBIO DE TIPOLOXÍA EN PARCELA SITA NO NÚCLEO 08.12 CARBALLA C. EXPTE. 8639/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 25.05.04, que di o seguinte:

Con data do 10 de outubro de 2003, D^a. María del Carmen Vélez Pérez solicitou desta Administración municipal cambio de tipoloxía para a parcela da súa propiedade, que se identifica no expediente, situada no núcleo 08.12 Carballal C, cualificada coa ordenanza 1.3.B, invocando a previa concesión, por acordo da Comisión Municipal do Goberno do 2 de setembro de 1994, deste mesmo cambio tipolóxico para a parcela contigua da solicitante.

O arquitecto técnico municipal, con data do 15 de outubro de 2003 informou respecto desta solicitude o que segue:

“Solicítase para unha propiedade que figura no PXOU vixente no núcleo 08.12 Carballal C, cualificada coa ordenanza 1.3.B de vivendas unifamiliares illadas de media densidade, o cambio de tipoloxía á ordenanza 1.3.A de vivendas unifamiliares illadas de alta densidade, ós efectos exclusivos dos recuados a lindeiros.

Á vista do exposto e de acordo ó artigo 54 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en concreto ó apartado b) de cualificación dos terreos, entendida como a asignación detallada de usos pormenorizados, tipoloxía edificatorias e condicións de edificación correspondente a cada zona que se establece para o solo urbano nos plans xerais de ordenación, a solicitude presentada suporía unha modificación do PXOU, polo que se propón a súa desestimación.”

Por outra parte, en canto á desigualdade que poda implicar a desestimación da solicitude formulada por D^a. María del Carmen Vélez Pérez fronte ó acordo da Comisión de Goberno, do 2 de setembro de 1994, polo que se concedeu este mesmo cambio de tipoloxía á parcela contigua á da solicitante, compre informar que por Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 19 de xullo de 1997, dictada no recurso núm. 02/4816/1993, interposto contra “Aprobación do Proxecto de Readaptación do PXOU en Vigo”, declarouse como reserva de dispensación, prohibida pola lei, a admisión de cambios tipolóxicos prevista no PXOU aprobado. A dita declaración, en canto que producida con posterioridade á firmeza do acordo invocado, non afectou á subsistencia deste, pero sí impide a autorización do agora solicitado.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Desestima-la petición formulada por D^a. María del Carmen Vélez Pérez, sobre cambio de tipoloxía da ordenanza 1.3.B a 1.3.A, en canto a recuados aplicables, na finca da súa propiedade, situada no núcleo 08.12 Carballal C, que identifica na súa solicitude.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo á interesada.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

16(754).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DE SALDOS PENDENTES DE COBRO DO PRESUPUESTO DE INGRESOS (EXERCICIOS PECHADOS) CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS E LIQUIDACIONES. EXPTE.5 E 6/2004.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta do xefe de Contabilidade, de 25.05.04, conformado pola interventora xeral e polo concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno acorda:

Anular os saldos pendentes de cobro do Presupuesto de Ingresos (exercicios pechados), polos importes e conceptos seguintes:

a) Expte. 6/2004.

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>
2003	75507	Equipamiento dep.muller	9.015.-
2003	75507	Equipamiento informático	3.005.-
2003	75507	Adquisición mobiliario	3.005.-
Proyectos 03346301, 03346302 y 03346303 respectivamente.			

b) Expte. 5/2004.

<u>PRESUPUESTO</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>SUBVENCION</u>	<u>IMPORTE EUROS</u>
2003	45503	PROGRAMA DESFAVORECIDOS	7.046,82

17(755).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ABALDE BLANCO CARLOS	0425342	191,81	191,81		
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0402474	1.200,00	1.158,25	41,75	
CRUGEIRA PARADA AGUSTIN	0420010	550,00	550,00		
“	0420012	425,00	286,48	138,52	
“	0420013	230,19	230,19		
ESPADA RECAREY LUIS	0423155	12.000,00	12.000,00		
FERNANDEZ RIOBO JESUS MIGUEL	0416090	350,00	350,00		
GOMEZ GARCIA CRISTINA	0405258	600,00	391,74	208,,26	
“	0411006	3.606,06	1.919,16	1.686,90	
GONZALEZ RODRIGUEZ JOSE	0420000	550,00	550,00		
“	0420003	425,00	286,48	138,52	
IGLESIAS VAZQUEZ MARIA CARMEN	0409255	400,00	400,00		

“	0420005	305,01	305,01		
MARTINEZ GIRALDEZ GABRIEL	0421783	371,20	371,20		
“	0421784	230,18	230,18		
“	0421785	197,20	197,20		
NUÑEZ-TORRON LOPEZ JESUS	0416965	204,00	204,00		
“	0416964	462,84	462,84		
“	0416966	73,32	73,32		
OJEA PEREZ IGNACIO	0422706	4.693,81	4.693,81		
RAMOS COVELO ALFONSO	0418987	266,21	266,21		
RIESGO BOLUDA JOSE	0423663	62,90	62,90		
SOUTO GONZALEZ MARTA	0422704	150,00	147,66	2,34	
			25.328,44		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(756).- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA-CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2004. EXPTE. 2373/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 8.06.04, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

A orde que regula os Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Entidades Locais (Orde do 5 de febreiro de 2004), pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas para o exercicio do ano 2004 da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 15º os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as para contratar que aplicará a oficina de emprego nas súas sondaxes. Complementariamente ao procedemento establecido para que o Servicio Público de Emprego (SPE) da Xunta de Galicia envíe candidatos/as é preciso agora establecer o procedemento a seguir para a selección definitiva de traballadores/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.

Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as para cada praza por parte do Servicio Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión de Selección encargada da selección definitiva dos/as traballadores/as. Esta Comisión estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.
- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que actuará como Secretario/a.
- Un/unha técnico/a do servizo ou departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo Concelleiro/a delegado/a.
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo de traballadores/as a contratar para cada ún dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza. Nesta valoración teranse en conta os seguintes criterios:

- Formación complementaria adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 2 puntos.

Por cada curso entre 20 e 49 horas	0,1 puntos
Por cada curso entre 50 e 249 horas	0,2 puntos
Por cada curso de 250 horas ou máis	0,4 puntos

- Experiencia profesional adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos (0,1 por mes traballado).
- As probas específicas ou entrevista persoal, de realizarse, puntuaranse ata un máximo de 4 puntos.
- Outros méritos, valoraranse ata un máximo de 1 punto.

Ademais, a Comisión, tendo en conta a filosofía do programa, será sensible a diferentes criterios de ocupabilidade (especialmente no caso dos peóns aos que non se valorará a súa experiencia relacionada) como poden ser:

- Idade

Entre 45 e 50 anos	0,1 puntos
De 50 a 55 anos	0,2 puntos
Maior de 55 anos	0,3 puntos

- Antigüidade no desemprego (máximo 3 puntos)
0,1 puntos por cada mes en desemprego, segundo información do SPE.
- Nivel de protección por desemprego
0,3 puntos se o/a candidato/a non percibe ningún tipo de prestación por desemprego ou percibe unha prestación de subsidio (Axuda familiar ou Risga).

- *Na medida das posibilidades e tendo en conta os obxectivos do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, tentarase dar prioridade na selección ás mulleres vítimas de malos tratos que así o acrediten.*

Poderán terse en conta os informes negativos remitidos por técnicos/as municipais sobre a actitud/comportamento de determinadas persoas en contratos anteriores, así como os informes emitidos por outras entidades relacionadas que indiquen a oportunidade da participación no programa dalgunha das persoas candidatas.

Así, vista a documentación que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Aprobar o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco dos Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Concello de Vigo para o ano 2004.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(757).- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO PERSOAL PARA CONTRATAR POLO CONCELLO DE VIGO NO MARCO DO PROGRAMA LABORA: XUVENTUDE CON EXPERIENCIA, PARA O ANO 2004. EXPTE. 2372/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora do Plan municipal de Emprego, do 8.06.04, conformado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e a concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

A orde que regula o Programa LABORA: Xuventude con Experiencia para o ano 2004 (Orde do 29 de xaneiro de 2004), pola que se establecen as bases que rexen as axudas e subvencións da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para a contratación, por parte das entidades locais, de traballadores/as desempregados/as beneficiarios/as deste programa e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 15º os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as para contratar que aplicará a oficina de emprego nas súas sondaxes.

Complementariamente ao procedemento establecido para que o Servicio Público de Emprego da Xunta de Galicia envíe candidatos/as ao Concello de Vigo é preciso agora establecer o procedemento a seguir para a selección definitiva de candidatos/as por parte do Concello, ante a prevista inminencia de recibir as Resolucións aprobatorias de subvención para a execución daquelas memorias que finalmente a Xunta de Galicia aprobe.

Unha vez remitidos/as os/as candidatos/as por praza por parte do Servicio Público de Emprego, de acordo coa oferta de emprego presentada e seguindo os criterios establecidos na citada orde, constituirase unha Comisión de Selección encargada da selección definitiva dos/as traballadores/as. Esta Comisión estará formada polas seguintes persoas:

- Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, ou persoa en quen delegue, que a presidirá.*

- Concelleiro/a do departamento municipal responsable da execución de cada memoria, ou persoa en quen delegue.
- Un/unha técnico/a da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, nomeado/a pola Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que actuará como Secretario/a.
- Un/unha técnico/a do servizo ou departamento municipal encargado da execución de cada memoria, nomeado/a polo seu respectivo Concelleiro/a delegado/a.
- Un/unha representante da parte social do Acordo sobre as condicións socioeconómicas das contratacións realizadas ao abeiro do Plan municipal de emprego 2004-2007, asinado o 7 de xuño de 2004, segundo o estipulado no seu artigo 18º.

Da valoración que a Comisión de Selección realice dos/as candidatos/as enviados/as, e tras as probas que se estime oportuno realizar (probas específicas, entrevista persoal, etc), emitirase Acta co listado definitivo de traballadores/as a contratar para cada un dos proxectos, así como os/as suplentes para cada praza. Dada a filosofía do programa, nesta valoración teranse en conta, ademais da preferencia polos/as candidatos/as con residencia en Vigo, os seguintes criterios:

- Formación complementaria (cursos/bolsas/prácticas) adecuada ao posto de traballo, puntuarase ata un máximo de 3 puntos.

Por cada curso entre 20 e 49 horas	0,1 puntos
Por cada curso entre 50 e 249 horas	0,2 puntos
Por cada curso de 250 horas ou máis	0,4 puntos

- Outros méritos relacionados co posto de traballo (outras titulacións, publicacións, etc.) puntuarase ata un máximo de 1 punto.
- As probas específicas ou entrevista persoal, de realizarse, puntuarase ata un máximo de 4 puntos.

Así, vista a documentación que obra no expediente, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado o procedemento establecido neste Informe-proposta, de selección dos/as traballadores/as para contratar no marco do Programa LABORA: Xuventude con experiencia, para o ano 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

20(758).-RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 24.05.04 QUE APROBA AS BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL. EXPTE. 15055/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 11.06.04, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de maio ppdo., adoptou acordo aprobando as bases de selección para a contratación interina dunha praza vacante de Administrativo de Administración Xeral, detectándose un erro na primeira parte do Anexo que contén o temario, consistente na repetición dun dos temas, concretamente os números 3 e 6 “O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido”.

Propónse á Xunta de Goberno Local rectifique o acordo adoptado suprimindo o tema núm. 6, da primeira parte do temario por duplicidade do mesmo: (O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido), establecéndose, polo tanto, que a primeira parte queda integrada por 5 temas.

Acordo

A Xunta de Goberno de acordo co precedente informe, acorda rectificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de 24.05.04 no punto “35.- Bases selección para a contratación interina dunha praza vacante de administrativo de Admón. Xeral”, no senso de suprimir o tema nº 6 “O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido” da primeira parte do temario por duplicidade, quedando o Anexo-Temario do citado acordo redactado do seguinte xeito:

ANEXO T E M A R I O

.Primeira parte: Dereito político e constitucional.

- Tema 1.- O Estado. Concepto. Elementos. Formas de Estado.*
- Tema 2.- A Constitución española de 1978. Principios xerais.*
- Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido.*
- Tema 4.- Dereitos e deberes fundamentais dos españois.*
- Tema 5.- O Goberno e a Administración do Estado.*

Segunda parte: Dereito Administrativo.

- Tema 1.- A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de administracións públicas.*
- Tema 2.- A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.*
- Tema 3.- Principios de actuación da Administración pública. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
- Tema 4.- Sometemento da Administración á lei e ó dereito. Fontes do dereito público. A lei: as súas clases.*
- Tema 5.- O acto administrativo. Concepto. Elementos.*
- Tema 6.- Principios xerais do procedemento administrativo. Normas reguladoras. Dimensión temporal do procedemento administrativo: días e horas hábiles: cómputo de prazos. Recepción e rexistro de documentos.*
- Tema 7.- Fases do procedemento administrativo xeral. O silencio administrativo.*

- Tema 8.- *A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio.*
- Tema 9.- *Os recursos administrativos: concepto e clases.*
- Tema 10.- *Concepto e clases de contratos administrativos. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e a Administración.*

Terceira parte: Administración local.

- Tema 1.- *O réxime local español: principios constitucionais.*
- Tema 2.- *A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.*
- Tema 3.- *Estructuras supramunicipais. Mancomunidades. Agrupacións. A comarca.*
- Tema 4.- *O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadronamento.*
- Tema 5.- *Organización municipal.*
- Tema 6.- *Competencias municipais.*
- Tema 7.- *Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.*
- Tema 8.- *A función pública local e a súa organización.*
- Tema 9.- *Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Incompatibilidades.*
- Tema 10.- *Faltas e sancións dos funcionarios. O procedemento sancionador.*
- Tema 11.- *Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.*
- Tema 12.- *Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Requisitos de constitución. Votacións. Actas e certificados de acordos.*
- Tema 13.- *Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.*

21(759).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

D. Ignacio López-Chaves Castro

